



Francisco Javier Río Barja

A poesía dos ríos galegos

Texto: **Gena Borrajo**

Percorreu Galicia, mergullouse nos seus ríos, aloumiñou a súa paisaxe e sufriu ante as agresións. Para el ser xeógrafo significa amar a terra, as plantas e os animais. Como docente soubo transmitirles esa afección aos alumnos. Aos 67 anos chégalle unha xubilación que non desexa, non obstante, seguirá publicando libros e colaborando en iniciativas que o reclaman por ser unha autoridade na materia. Hoxe vive afastado de todo acto social e rexeita calquera convite, polo que a nosa interlocutora é Pilar Río, a súa única filla, que accede amablemente a contarnos a vida e a obra deste gran xeógrafo e humanista.



relacionados

Estes **extractos** corresponden aos documentais sobre a **xeografía de Galicia**, elaborados por **Río Barja** e recollidos nas súas obras, ao final do artigo.

O Encoro de Belesar

■

O río Miño

■

A cidade de Lugo

■

Estudou nos Maristas e despois no instituto. Antes da Guerra Civil fai oposicións a Correos. Ocupa o cargo de auxiliar antes de ser mobilizado e o de carteiro na fronte. Acabada a contenda instálase en Santiago de Compostela, onde estuda Xeografía. Non ten un bo recordo desta etapa universitaria, porque entre as materias que ía cursar non había ningunha relacionada co interese que o levara ata alí.

Acadada a licenciatura, dará as súas primeiras clases en Viveiro, pero volverá á cidade compostelá axiña para facer oposicións e, unha vez superadas, pasa a ser adxunto na Cátedra de Otero Pedrayo, quen ademais lle dirixirá a tese de doutoramento. Para el o intelectual ourensán foi un referente. Sempre manifestou a grande admiración que lle provocaban as súas brillantes explicacións. Talvez del aprendeu a súa maneira de encher a xeografía de emoción, poesía e sentimento.

“O carácter, e mesmo a forma de pensar dunha persoa, veñen dados polo lugar no que vive, coas súas características xeográficas (climatolóxicas, xeolóxicas...)”



O insigne xeógrafo nos seus anos mozos

Xeógrafo e ensinante

Pilar asegura que para seu pai a xeografía e o ensino foron “máis paixón, que profesión”. Amaba Galicia, o seu clima e ata as frías augas cando se bañaba ou practicaba submarinismo. “Hoxe o mar está tonificante”, adoitaba dicir. Nunca imaxinou a vida noutro lugar. Ata tal punto foi así que cando, no 1953, oposita á Escola de Maxisterio e o destinan a Canarias, evita por todos os medios cambiar a súa residencia e logra quedar aquí, grazas a unha permuta conseguida tras un complicado axuste entre tres profesores.

Ademais de eminente científico foi un magnífico profesor. Estaba convencido de que os rapaces non se sentían atraídos por esta materia porque o que facían era memorizar. A filla lembra a súa infancia como unha etapa feliz, “sempre foi un pai extraordinario”. Á súa beira puido decatarse de que a xeografía non consiste en saber os afluentes. “Dende ben cedo eu mesma era quen de mirar un mapa topográfico e interpretar as curvas de nivel; tomei conciencia do que é unha isóbara e de como aluma o Sol en cada época do ano. Tampouco me resultaba difícil interpretar os mapas do tempo”.

Interesouse pola didáctica nun tempo no que o que se valoraba era o dominio memorístico da materia



A auga, en todas as súas manifestacións, sempre tivo un especial atractivo para Río Barja

Esta era a mensaxe de don Francisco: non abundaba con saber, había que atear de poesía os ríos, escoitar o seu murmurio, somerxerse nas súas augas e descubrir ata que punto crean vida. Era preciso comprobar que o clima e a terra determinan os froitos e o propio temperamento dos seus habitantes: "o carácter, e mesmo a forma de pensar dunha persoa, veñen dados polo lugar no que vive, coas súas características xeográficas (climatolóxicas, xeolóxicas...)".

Pilar recorda como se enchoupou dese entusiasmo: "A min sempre me ensinou que somos o que somos polo sitio no que vivimos. Cando chegaba á casa unha tarxeta coa paisaxe dalgún lugar sempre me dicía que as imaxes falaban do sitio e ensinábame a interpretala. Inclusive me explicaba que tanto Napoleón como Hitler perderon a guerra por non saber xeografía e non contar co clima ao que se enfrontaban".

Como profesor interesouse pola didáctica nun tempo no que o que se valoraba era o dominio memorístico da materia. Tratou por todos os medios de que ese modo de concibir o ensino se estendese á universidade e prendese nas escolas. É dicir, preocupouse por "aprender a aprender" A través do ICE, os sábados e os domingos ía polas aldeas e falaba cos mestres, aos que instaba para que partisen sempre do coñecemento do contorno, que era o que os rapaces podían experimentar de maneira directa. Para el había que aprenderlles a observar.



O submarinismo foi unha das súas afeccións. Na foto aparece ao lado de Ernesto Viéitez Cortizo (á dereita da imaxe)

Crea un mapa tridimensional

Río Barja elaborou un mapa de Galicia en relevo, a escala 1/50.000, que reflectía con exactitude toda a orografía do terreo. A idea era que pasase por todos os colexios para que os rapaces puidesen ver nel as illas, montes, ríos e calquera accidente xeográfico presente no contorno.

A característica máis salientable con respecto aos planos convencionais era que permitía unha perfecta visualización da xeografía polo que constituía un elemento atractivo para os estudantes, e un recurso de gran valor didáctico para os profesores.

**Elaborou un mapa de Galicia en relevo
para que os rapaces puidesen ver nel
calquera accidente xeográfico
presente no contorno**



Río Barja coa súa filla, Pilar Río, nun acto recente

Nunha entrevista concedida ao diario *La Voz de Galicia* o 19 de decembro de 2007, con motivo da concesión do Premio Otero Pedrayo dese ano, preguntáronlle canto tiña de xeógrafo e canto de humanista, e el recoñeceu que non podía diferenciar as dúas facetas, dado que “un xeógrafo é un humanista sempre”, porque “ama a natureza vexetal e animal”.

Quizais a nota máis característica deste home sexa a súa extraordinaria humildade. Recibiu unha morea de premios, pero sempre creu que fora, unicamente, un profesor honrado que tratou de estudar todo o posible e que escribiu libros para axudar a entender a xeografía nunha época na que non había unha verdadeira didáctica da materia.

Algunhas das súas obras

- *Estudios de xeografía de Galicia* (1995) Traslaba, Ourense, Fundación Otero Pedrayo, D.L.
- *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII* (1990) (coautor con V. Magdalena Vidal) Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- *Didáctica da xeografía* (1981) Vigo, Galaxia.
- *Aplicacións prácticas de xeografía xeral para profesores de E.G.B. Didáctica de la Geografía* (1980) Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- *Os ríos de Galicia* (1994) (coautor con Francisco Rodríguez Lestegás) Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- *Galicia, esa descoñecida* (volume 1 da colección “Galicia para soñar”) (2000) A Coruña, Hércules Edicións.
- 15 documentais sobre a Xeografía de Galicia, editados en formato vídeo, encargados polo Consello de Cultura, en colaboración coa TVG.



Recoñecementos

Entre os moitos premios e recoñecementos recibidos polo profesor Río Barja, cómpre salientar:

- Premio Valle-Inclán e Premio Alfredo Brañas do Centro Galego de Bos Aires
- Primeiro Premio da Deputación de Lugo
- Medalla Castelao
- Premio Trasalba (Fundación Otero Pedrayo)
- Pedrón de Ouro
- Premio Otero Pedrayo
- Premio Galicia de Investigación
- Premio das Artes e das Letras (Día das Letras Galegas)
- Socio de Honra do Seminario Galego de Educación para a Paz
- Chairego de Honra da Terra Chá
- Foi director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (Consello Superior de Investigacións Científicas)
- Membro numerario da Real Academia Galega de Ciencias
- Membro numerario da Real Academia Galega
- Membro do Consello da Cultura Galega
- Instituto Galaico-Minhoto

 [imprimir páxina](#)

O MÁIS VISTO

[Accesibilidade do sitio web](#)

[Plan de Acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema](#)

[Eurydice, a rede europea de información sobre educación](#)

[Declaración mundial "Aprender a través do xogo". OMEP 2010](#)

[Entrepones, unha revista escolar para desenvolver competencias](#)

[Reiníciense as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos](#)

COLABORA COA REVISTA

[Cartas á directora](#)

[Experiencias](#)

[Investigación](#)

[Foro](#)

OUTRAS SECCIÓNS

[Axenda](#)

[Actualidade: Eurydice](#)

[Tribuna](#)

[Mediateca](#)

[Que é](#)

[Lexislación](#)

[Hemeroteca](#)

[Editorial](#)

[Blogs](#)

[Créditos da revista](#)